



Guía Docente						
Datos Identificativos				2014/15		
Asignatura (*)	Literatura Española		Código	613G03011		
Titulación	Grao en Inglés: Estudos Lingüísticos e Literarios					
Descriptores						
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos		
Grao	Anual	Segundo	Obrigatoria	9		
Idioma	Castelán					
Prerrequisitos						
Departamento	Filoloxía Española e Latina					
Coordinación	Caparros Esperante, Luis	Correo electrónico	luis.caparros@udc.es			
Profesorado	Caparros Esperante, Luis Garitaonaindia De Vera, Jose R Lois Bastida, María Pilar Fátima Martínez García, Paula Yagüe Lopez, Pilar	Correo electrónico	luis.caparros@udc.es j.garitaonaindia@udc.es m.lois@udc.es paula.mgarcia@udc.es pilar.yague.lopez@udc.es			
Web						
Descripción xeral	Introdución á Historia da Literatura Española a través dos seus principais autores e obras.					

Competencias da titulación	
Código	Competencias da titulación
A1	Coñecer e aplicar os métodos e as técnicas de análise lingüística e literaria.
A2	Saber analizar e comentar textos e discursos literarios e non literarios utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual.
A7	Coñecer as literaturas en lingua galega, española e inglesa.
A9	Elaborar textos orais e escritos de diferente tipo en lingua galega, española e inglesa.
A10	Ter capacidade para avaliar criticamente o estilo dun texto e para formular propostas alternativas e correccións.
A11	Ter capacidade para avaliar, analizar e sintetizar criticamente información especializada.
A18	Dominar a gramática da lingua inglesa.
B3	Adquirir capacidade de autoformación.
B4	Ser capaz de comunicarse de maneira efectiva en calquera contorno.
B5	Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas.
B6	Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrentarse.

Resultados da aprendizaxe			
Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)		Competencias da titulación	
Coñecer os principais autores e obras da Literatura española e valorar criticamente as súas producións.		A7 A10 A18	
Traballar de forma autónoma con iniciativa.		B3 B4 B6	
Capacidade de análise e síntese.		A11	
Coñecemento dos métodos e técnicas de análise literaria.		A1 A2	
Utilizar as ferramentas básicas das TIC necesrias para o exercicio da súa profesión e a aprendizaxe ao longo da súa vida.			C3



Capacidade para interrelacionar os distintos aspectos da Filoloxía.	A9	B5	
Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrentarse.			C6
Capacidade para comunicar os coñecementos adquiridos.		B4	C1

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Idade Media	1.1. Introducción: sociedade, cultura e literatura medievais 1.2. Análise e comentarios de las Coplas a la muerte de su padre, de Jorge Manrique. 1.3. Análise e comentarios de La Celestina.
2. Século XVI	2.1. Introducción: sociedade, cultura e literatura no Renacemento. 2.2. Análise e comentarios de Garcilaso de la Vega, Juan de la Cruz e fray Luis de León.
3. Século XVII	3.1. Introducción: sociedade, cultura e literatura no Barroco 3.2. Análise e comentarios de El Quijote. 3.3. Análise e comentarios de lírica do XVII. 3.4. A comedia áurea en La noche de San Juan, de Lope de Vega.
4. Da Ilustración ao Naturalismo	4.1. Introducción. 4.2. Aproximación a algúns dos principais xéneros, textos e autores da Ilustración. 4.3. Aproximación a algúns dos principais xéneros, textos e autores do Romanticismo e do Realismo-Naturalismo.
5. Do Modernismo á actualidade	5. 1. Introducción. 5. 2. Aproximación a algúns dos principais xéneros, textos e autores dos séculos XX e XXI.

Planificación			
Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / trabalho autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	30	0	30
Aprendizaxe colaborativa	12	10	22
Obradoiro	22	22	44
Lecturas	0	80	80
Proba obxectiva	4	40	44
Atención personalizada	5	0	5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descripción
Sesión maxistral	Impartiranse nas sesións comúns e terán carácter teórico e expositivo.
Aprendizaxe colaborativa	O formato de grupo reducido ten como obxectivo favorecer a participación activa do alumnado, que, como se indica noutro lugar, computa igualmente para a cualificación final.
Obradoiro	Nas aulas en grupo reducido desenvolveranse comentarios guiados sobre textos das lecturas. Á final de cuadrimestre avaliaranse, mediante proba escrita e controis, a destreza adquirida nestes comentarios e as lecturas realizadas.
Lecturas	En todas as aulas traballarase sobre textos de lectura obligatoria, indicados na presente guía docente ou en Moodle. Cómpre facer as lecturas antes da explicación do tema, para o seu correcto aproveitamento.
Proba obxectiva	Unha proba escrita (exame) na data oficial asignada no mes de xuño, con nova convocatoria de segunda oportunidade en xullo. Nestas probas, o alumnado deberá amosar o seu dominio dos contidos e destrezas traballados nas sesión maxistrais e tamén nos grupos reducidos e seminarios.



Atención personalizada

Metodoloxías	Descripción
Proba obxectiva	O/A profesor/a facilitará a bibliografía específica que considere más acaída e as orientacións pertinentes en cada caso.

Avaliación

Metodoloxías	Descripción	Cualificación
Aprendizaxe colaborativa	Terase en conta a asistencia e a participación de cada estudiante nas aulas, con controis onde se poña de manifesto o seu interese e a súa evolución.	10
Proba obxectiva	Nas datas oficiais realizaranse as probas obxectivas (exames) pertinentes.	50
Obradoiro	Cada cuatrimestre elaborarase nas aulas unha proba consistente no comentario literario dun texto seleccionado polos profesores, como control do aprendido neste campo.	20
Lecturas	Lecturas obligatorias que serán a base para as sesións maxistrais e os obradoiros do curso. Cada cuatrimestre realizarase un control destas lecturas.	20

Observacións avaliación



Por esixencias do deseño desta aplicación, as

anteriores porcentaxes son orientativas. A cualificación final responderá ao
seguinte reparto porcentual:

O 50% da cualificación final obterase polas

probas escritas (exames) que cada estudiante realizará ao finalizar o curso, nas convocatorias oficiais de xuño e de xullo. En
todo caso, para aprobar unha materia deberase

obter unha puntuación mínima de 4 sobre 10 nesta proba escrita que, como se ve,
en ningún caso suporá o 100% da nota final. (Por exemplo, un 3 no exame

non se compensaría cunha suma de 7 por actividades e por asistencia e
participación.) Os exames realizaranse en data, hora e lugar establecidos polos

horarios oficiais do centro.O 40% obterase pola realización de

actividades durante o curso. Un 20% corresponderá a dous comentarios de texto,

feitos por escrito, nas aulas, á fin de cada cuatrimestre. O outro 20% será
para dous controis de lectura feitos de modo semellante ao anterior, por

escrito, nas aulas, tamén á fin de cuatrimestre.O 10% restante corresponde á asistencia,
participación e desempeño de cada estudiante no decorrer do curso. Observaranse

o seu aproveitamento e evolución, a súa dinámica na aula e todo aquilo que

implica aprendizaxe colaborativa e traballo en grupo.A cualificación final en cada unha das dúas

oportunidades (xuño e xullo) será froito dunha avaliación semellante, mediante
un exame e probas obxectivas para as actividades desenvolvidas no curso, xunto

ao control de asistencia e de participación.Con independencia do anterior, á final de ano ou en coincidencia coas convocatorias oficiais de exames,
en xaneiro, haberá un exame opcional que permitirá liberar materia dos catro primeiros meses para a convocatoria oficial de xuño. A convocatoria
oficial de exame, tanto en

xuño como en xullo, significa a necesidade ineludible da súa realización para

obter cualificación e, por tanto, no caso de xullo, será independente de
calquera exame anterior. No caso das actividades, polo contrario, a súa

avalaiación positiva será gardada para a cualificación da segunda convocatoria,
a de xullo. En caso de estar suspensas ou non realizadas, efectuaranse entón as

probas pertinentes.O alumnado a tempo parcial ou con dispensa

académica recoñecida, deberá comunicar por escrito ao profesorado a súa

situación, coa certificación correspondente, en canto comece o curso ou sexa
efectiva a matrícula. En cada caso estudaranse as actividades que se determinen.As probas escritas e as actividades deben

cumprir unhas esixencias mínimas de corrección lingüística (acentuación,

ortografía correcta, puntuación, concordancia sintáctica, inexistencia de

reiteracións, precisión léxica, ausencia de abreviaturas, rexistro formal). As

deficiencias na ortografía e na redacción serán penalizadas na cualificación

con medio punto por falta.No caso de estudiantes de lingua estranxeira,

será indispensable un dominio razonable da lingua española, tanto en expresión

oral como escrita, equivalente en todo caso ao nivel B2.O alumnado será avaliado e cualificado

sempre que acuda ao exame. Por tanto, recibirán cualificación de Non Presentado

(N. P.) aquelas persoas non presentadas a ningunha proba oficial escrita.

Fontes de información

Bibliografía básica

Bibliografía complementaria

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomienda cursar simultaneamente



Materias que continúan o temario
Lingua Española 1/613G01001
Introducción aos Estudos Literarios/613G01005
Lingua e Cultura Clásica/613G01006
Observacións
A asistencia regular ás aulas é indispensable. Calquera circunstancia que a dificulte deberá ser comunicada e consultada co profesorado ao inicio do curso. Non se admitirán traballos por correo electrónico. O único soporte para a entrega será o papel. As lecturas obligatorias faranse nas edicións críticas recomendadas arriba ou, no seu caso, nas consultadas co profesorado. A guía docente é o documento público onde se visualiza a proposta académica da UDC e o marco regulamentario oficial destes estudos. Como tal, é o documento de referencia que obriga a docentes e a estudiantes.

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías